



# LIFE Lugo + Biodinâmico

Na vanguarda do urbanismo sostenible



**Establecemento  
dun Souto con  
variedades galegas  
tradicionais**




## LIFE Lugo + Biodinámico


Na vanguarda do urbanismo sostenible

**LIFE Lugo + Biodinámico** é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construcción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecológico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostenibles, exportable a outras cidades europeas.

Ademais, crearanse espazos divulgativos para a comunidade científica e a sociedade en xeral con plantacións de especies arbóreas e arbustos autóctonos que sexan demostrativos do seu potencial para o desenvolvemento do urbanismo sostenible.



No polígono industrial das Gándaras (Lugo), estableceuse no ano 2017 un Souto onde se poden atopar cinco variedades galegas de castiñeiros produtores de castaña, De Parede, Ventura, Negral, Garrida e Branca, enxertadas sobre padróns híbridos resistentes á tinta. As tres parcelas que conforman o Souto suman unha superficie de 3,6 hectáreas (36000 m<sup>2</sup>), e a densidade de plantación é de 100 árbores por hectárea.





VARIEDADE	DATA DE PRODUCCIÓN	CASTAÑA	PRODUCCIÓN	CONSERVACIÓN DA CASTAÑA
<b>De Parede</b>	Media	Pequena	Elevada	Moi boa
<b>Ventura</b>	Cedo	Pequena	Media	Boa
<b>Negral</b>	Cedo	Mediana	Elevada	Moi boa
<b>Branca</b>	Tardía	Mediana	Elevada	Boa
<b>Garrida</b>	Tardía	Grande	Baixa	Boa

## O castiñeiro e o clima

Os castiñeiros (*Castanea sativa Mill.*) son árbores de folla caduca, moi lonxevas (poden superar os 1000 anos de idade), que acadan en condicións naturais os 25-30 m de altura. Cando as árbores se destinan á producción de madeira, teñen un fuste derecho e unha copa recollida, mentres que cando se destinan á producción de froito, o seu fuste é curto e a copa frondosa e ampla.

Desenvólvense ben en climas temperados, dende o nivel do mar ata os 1300 m, e soportan fríos invernales intensos, aínda que son moi sensibles ás xeadas tardías que se producen na primavera. Por outra parte, os veráns cálidos favorecen a producción de castaña. Con respecto ás choivas, precisan ao menos de 700 mm de precipitacións anuais, con 100-150 mm de choiva durante o verán.



## O solo no Souto

Os castiñeiros melloran e enriquecen extraordinariamente os solos nos que viven. Son típicamente silicícolas (desenvólvese ben sobre solos ácidos como granitos, lousa, xistos, cuarcitas e arenitas), e precisan solos profundos, soltos, frescos e ben drenados. Porén, son moi sensibles ao asolagamento, tanto permanente como periódico. O exceso de auga no solo impide o desenvolvemento das súas raíces, chegando a provocar a morte das árbores. Ademais, o exceso de humidade no solo pode favorecer o ataque de fungos, como *Armillaria mellea* (Vahl.) Kummer, ou a temible 'tinta' (*Phytophthora sp.*), que causa a morte da árbore. Como prevención, debe asegurarse sempre unha boa drenaxe.



## A riqueza dos Soutos

O principal produto dos Soutos é a castaña, que foi un alimento esencial en Galicia durante séculos. Con ela elabóranse outros produtos, como fariñas, licores e marmeladas. Este valioso froito de outono conta mesmo coa súa propia festa, o Magosto.

Outro producto importante do castiñeiro é a madeira, de excelente calidade, apta para uso na construcción, en carpintería e na fabricación de mobles.

Pero do castiñeiro non só se aproveitan as castañas e a madeira; das súas follas pódense obter tinturas, e as abellas liban nas súas inflorescencias (candeas) para producir o mel, alimento dun elevado valor enerxético e moi empregado como remedio caseiro para a tose ou o catarro.

Non debemos esquecer que o castiñeiro ten ademais un gran valor paisaxístico e ecolóxico, cun alto interese medioambiental e de sostemento da vida silvestre. Por exemplo, nos soutos de castiñeiros, acompañando ás árbores, podemos atopar numerosas especies de cogumelos comestibles, como os boletos (*Boletus edulis*), as cantarelelas (*Cantharellus cibarius*), o fígado de boi (*Fistulina hepatica*) e nas zonas de clima mediterráneo, a apreciada *Amanita caesarea*.



# Podas de formación

Durante os primeiros anos da plantación do Souto, é preciso fazer podas de formación nos nosos castiñeiros. Estas podas consisten na conformación da parte produtiva da árbore, para darlle unha estrutura estable e compensada, asegurando no futuro a máxima producción de castañas. Cando realizamos as podas debemos ter en conta as seguintes recomendacións:

- **Podar** en días máis ben fríos e seco, para limitar no posible a contaminación das feridas por fungos.
- **Manter** as ferramentas de poda, tesoiras de poda e navalla, en boas condicións, sempre ben afiadas, para que os cortes sexan limpos, evitando esgazaduras e favorecendo a cicatrización.
- **Desinfectar** as ferramentas ao pasar dunha árbore a outra, para evitar transmitir enfermidades, sobre todo o cancro do castiñeiro, provocado polo fungo *Cryphonectria parasitica* (Murrill) Barr, dunhas árbores as outras.
- **Protexer** os cortes aplicando un mástique con funxicida, o que permite selar as feridas ata que cicatricen e impedir o ataque dos fungos.

1) Aplicación de mástique na zona de corte



2) Desinfección das ferramentas de poda



## Fases do establecemento da plantación:



1. Aburatado previo á plantación
2. Colocación da planta no burato
3. Flores (Candeas)
4. Ourizos
5. Souto recén plantado



1



2



3



### 3) Poda baixa




## Programa de accións



**LIFE Lugo +  
Biodinámico**

Na vanguarda do urbanismo sostenible



4



5



### ACCIÓNES DE PLANIFICACIÓN URBANA

-   Catálogo de soluciones de diseño urbano
-   Plan estratégico de infraestruturas ecológicas:  
Plan Especial Biodinámico
-   Planificación detallada de zonas de confort  
climático residencial (ZCCR)

### ACCIÓNES DEMOSTRATIVAS

-   Frondosas
-   Cultivos enerxéticos
-   Souto de variedades tradicionais
-   Restauración de humidal - ENIL  
(Espazo Natural de Interese Local)
-   Arboretum
-   Agricultura urbana
-   Edificio Impulso Verde



Impulsado por:



Financiado por:



Socios:



[lugobiodinamico.eu](http://lugobiodinamico.eu)